

 PREMIO COMPOSTELA PREMIO INTERNACIONAL
GRUPO COMPOSTELA
XUNTA DE GALICIA

BASES DA XXIX EDICIÓN (ANO ACADÉMICO 2024-2025)

Artigo I – OBXECTIVO

O Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia busca recoñecer anualmente a persoas físicas ou xurídicas do ámbito académico, científico, social, cultural ou político, significadas polos seus traballos, estudos, investigacións e iniciativas en prol da unidade europea e dos valores de cooperación, integración, diversidade e tolerancia, a promoción da cultura, o Camiño de Santiago e o progreso social.

Artigo II – PROPOSTA DE CANDIDATURAS

Poderán propoñer candidaturas ao Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia:

1. As universidades socias do Grupo Compostela de Universidades.
2. A Xunta de Galicia.
3. Outras institucións europeas con rango oficial.
4. Os membros do xurado.

Artigo III – ENVÍO DE CANDIDATURAS

Para a formalización de candidaturas, os pasos a seguir son:

1. Cubrir o formulario oficial facilitado no marco da convocatoria pola secretaría do Grupo Compostela de Universidades. Este formulario debe ser asinado polo máximo representante da institución –reitor/a, presidente/a ou equivalente– que presenta a candidatura.
2. Anexar ao formulario oficial un currículum vitae completo da candidatura (incluíndo os seus datos de contacto) e cantos documentos ou apoios se consideren pertinentes.

3. Remitir a candidatura por correo electrónico e con acuse de lectura, ao enderezo grupo.compostela@usc.es.

O prazo para remitir candidaturas é o **24 de marzo de 2025**. As candidaturas remitidas fóra de prazo e forma consideraranse nulas a todos os efectos.

Artigo IV – XURADO

O xurado estará composto polas seguintes autoridades:

Presidente honorífico

Presidente da Xunta de Galicia.

Presidente

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Vicepresidente

Presidenta do Grupo Compostela de Universidades.

Membro nato

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais

Dous representantes da Xunta de Galicia.

Dous reitores das universidades socias do Grupo Compostela de Universidades.

Secretaria

Secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades.

Artigo V – CRITERIOS DE SELECCIÓN

Para a emisión do fallo, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

1. A candidatura finalista terá que ter unha destacada relevancia e proxección internacional pola súa aportación á preservación do patrimonio cultural de Europa e ao desenvolvemento dos valores europeos de cooperación, integración, diversidade, tolerancia e unidade que rodean ao Camiño de Santiago.
2. O seu labor terá que estar vinculado ao compromiso social desde o ámbito académico, cultural e científico.
3. O seu perfil terá que permitir o establecemento de colaboracións multilaterais e sinerxías institucionais.

4. Non debe ter sido obxecto doutros galardóns similares de recoñecemento ofrecidos pola Xunta de Galicia.
5. Debe haber un certo equilibrio de xénero conforme á Lei de Igualdade de Xénero 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

No caso de que as candidaturas non reúnan o criterios indicados supra, o xurado poderá declarar deserto o Premio.

Artigo VI – REUNIÓN DO XURADO E SISTEMA DE VOTACIÓN

Anualmente haberá unha única candidatura premiada, fallada polos membros do xurado en reunión privada na Universidade de Santiago de Compostela.

Poderán votar todos os membros do xurado, a excepción do presidente honorífico e a secretaria.

O sistema de votación será mediante voto cantado. Cada un dos membros do xurado terá que indicar tres finalistas concedendo a seguinte puntuación:

- 3º finalista: 1 punto.
- 2º finalista: 2 puntos.
- 1º finalista: 3 puntos.

No caso de empate, procederase a realizar unha ou varias votacións para desempatar as candidaturas.

A candidatura finalista con maior puntuación será a gañadora do Premio.

Artigo VII – PREMIO

A persoa gañadora recibirá unha cuncha de ouro, emblema do Grupo Compostela de Universidades, e un premio en metálico 6.000 euros brutos.

Se o Premio recae sobre unha persoa xurídica de carácter público, esta deberá ceder a contía económica a unha entidade sen ánimo de lucro e vinculada ao seu mesmo obxecto (académico, investigador, social, cultural ou político).

Se o Premio recae sobre unha persoa xurídica de carácter privado ou sobre unha persoa física, a cesión da contía económica será opcional.

Artigo VIII – ENTREGA DO PREMIO

A cerimonia de entrega do Premio terá lugar no marco da asemblea xeral do Grupo Compostela de Universidades, a celebrar nunha universidade socia.

Artigo IX – ORGANIZACIÓN

Todo o relacionado coa organización do Premio (información, correspondencia, interpretación das bases da convocatoria, etc.) é competencia da secretaría do Grupo Compostela de Universidades.

*Nota: As bases deste Premio foron editadas en inglés, francés, español e galego. En caso de calquera discrepancia ou malentendido na súa interpretación, a versión en español terá sempre prioridade.